

Xisco Feijó despídese da xira 'Peixe' con dous concertos finais en Lugo e Vigo

O cantareiro e bailador ofrecerá os derradeiros directos do proxecto o 29 de novembro no auditorio Gustavo Freire e o 1 de decembro no Teatro Afundación; serán citas nas que se acompañará dun feixe de colaboradoras e amizades, celebrando por todo o alto a despedida do espectáculo, que mutará noutra proposta

“*Peixe* foi un reto e un soño. Foi un mundo de aprendizaxes, emocións e vivencias. É o fillo que nunca tiven. Levareino sempre gravado na alma e na pel”, asevera Xisco



Xisco Feijó nun directo de Peixe © Ximo Bueno

10 de novembro de 2023.- Xisco Feijó soterra *Peixe* este outono. O cantareiro, instrumentista e bailador despídese da actual xira de presentación do seu primeiro proxecto en solitario por todo o alto. Farao con dous derradeiros directos que terán lugar en **Lugo e Vigo os días 29 de novembro e 1 de decembro**, respectivamente, e nos que o artista se acompañará tanto da súa banda como de numerosas creadoras e amizades sobre o escenario, entre as que se atopan Fran Sieira, Andrea Pousa, as pandeireteiras d'O Fiadeiro ou mesmo a chelista estadounidense Natalie Haas.

Cada concerto, ateigado de música, danza e arte, será único e irrepitible. Será a celebración da vida dun proxecto que, a partir do vindeiro ano, se transformará con novas cores e sonoridades. As entradas para estas actuacións, ou “metamorfose do *Peixe*”, como sinala o artista, xa están á venda nas plataformas www.enterticket.es (Lugo) e www.ataquilla.com (Vigo).

Xisco Feijó lanzou *Peixe* no mes de xullo de 2021. Desde entón o artista, unha das figuras clave na recuperación de música tradicional galega durante as décadas do 80, 90 e primeiros 2000 ofreceu **case medio cento de actuacións** en localidades das catro provincias galegas, ademais doutros municipios da península, como Madrid, Bilbao, Valencia, Segovia e Plasencia; ou mesmo de Europa, na que temas como *Animal* ou *Caracoles* soaron en Xenebra, Munich, Hamburgo, Frankfurt e Varsovia.

Agora, Xisco Feijó regresa a dúas das cidades galegas que acolleron a presentación de *Peixe*. **Volve para despedir, dun xeito único, un proxecto que marcou todo un fito na súa carreira artística:** logo de máis de trinta anos de incesante labor de recuperación etnográfica, nos que recolleu e deu vida a numerosas melodías e ritmos tradicionais, e de colaboracións en numerosos proxectos do país; o artista publicou un traballo discográfico no que ofreceu unha **novidosa mirada contemporánea sobre a música tradicional**. Dous anos despois, o creador dá a despedida “a un ilusionante proxecto que naceu no cerne da pandemia e que agora tomará novas formas, como parte desa metamorfose que todas e todos os artistas experimentamos grazas ás experiencias vividas”.

“*Peixe* representou un reto de moitos anos”, sinala Xisco Feijó, quen asevera que este álbum fixo que se aproximara “a un mundo e *pantone* enteiro de emocións, vivencias e aprendizaxes”. “A creación deste disco e do espectáculo foi unha experiencia única, un soño. *Peixe* é o fillo que nunca tiveron e é algo que vou levar gravado na alma e na pel”, di, aínda que advirte que “non meterá os temas na caixa, senón que se transformarán para ter outra vida en futuros espectáculos”.

Así, este outono Xisco Feijó di adeus a *Peixe* tal e como lle deu a benvinda: acompañado dun bo feixe de músicas do país e colaboradoras doutros recunchos do mundo. En primeiro lugar, contará cunha numerosa banda conformada por Miryam González, Pipo Alvariño, Galen Fraser, María San Miguel, José Manuel Díaz, Marilú Campos, Antón Pombar e Sandra Costa. En segundo, en cada un dos concertos haberá colaboracións especiais de instrumentistas, cantadeiras, bailadores e pandeireteiras.

Así, a primeira das citas chegará o **mércores 29 de novembro**. Será no **Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo**. Xisco Feijó acompañarase, a partir das 20.30 horas, tanto da súa banda coma de Laura Burgué (gaita), Branca Villares (voz e percusión), David Vilares (voz), Xabi Iglesias (baile) e as pandeireteiras de Cántigas e Frores. As entradas para esta actuación están dispoñibles en www.enterticket.es

A derradeira volta para darlle a despedida ao *Peixe* **será na súa cidade, Vigo**, e nun recinto moi especial para o creador, que visitou en numerosas ocasións con O Fiadeiro. O **venres 1 de decembro**, o Teatro Afundación (García Barbón) será o escenario que acolla o directo, a partir das 20.30 horas. Será un festivo e alegre “enterro” do *Peixe*, unha singular metamorfose na que Xisco sairá ao escenario con artistas como Natalie Haas (cello), Andrea Pousa (voz), Fran Sieira (baile), Luis Lavado (voz), María e Luís Prego (baile), María Vidal (voz e percusión) e das pandeireteiras de O Fiadeiro. As entradas xa están á venda no espazo web www.ataquilla.com

Contacto de prensa Xisco Feijó

Lucía Pita | 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Sala de prensa [Fin de xira - Peixe](#)